

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE SETEMBRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/412/2016.- JOSÉ ANTONIO BELLO GARCÍA.- Conceder licenza para executar as obras de reforma interior de vivenda e reforma da cuberta dun inmovible sito na rúa de San Pedro nº 47.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para execución das obras de reforma interior de vivenda e reforma de cuberta dun inmovible sito na rúa San Pedro, nº 47. LIC/412/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da proposta de AGADER da cesión da parcela 429 da C.P. Nemenzo -Marantes- (PTM/21/2015). Acéptase a cesión da parcela, de 9.300 metros cadrados.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade previa á aprobación inicial do Estudo de Detalle de criterios compositivos e estéticos no tratamento das fachadas do barrio de Vista Alegre. Estudo da cor. Apróbase inicialmente o Estudo de detalle de criterios compositivos e estéticos no tratamento das fachadas do barrio de Vista Alegre, que se someterá a exposición pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no DOG. Así mesmo, notificaráse persoalmente aos titulares catastrais dos inmoables afectados, e publicarase edicto no BOE a fin de que sirva de notificación aos propietarios que non puideran ser citados persoalmente. O acordo suporá a suspensión, durante o prazo máximo de dous anos, do outorgamento das licenzas que puideran resultar incompatibles coas determinacións do Estudo de detalle. O ámbito da suspensión integra os edificios situados nas seguintes rúas: rúa de Boiro (só pares), rúa de Rianxo, Santa Uxía de Ribeira, Santa Comba, San Xoán, Avenida de Castelao (números 42 a 54), rúa de Noia, Bispo Diego Peláez (só impares), Álvaro Cunqueiro, e rúa de Vista Alegre (números 96, 98, 106 e 112)

5.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da Alcaldía dando conta da sinatura do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar a Feira Internacional Womex 2016. Dase conta

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á subsanación de erro no acordo nº 46 da Xunta de Goberno do 27.xullo.2016 referente ao servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais. Apróbase a proposta.

8.- Corrección de erro no acordo nº 21 da Xunta de Goberno de data 22.xullo.2016 relativo ao recoñecemento de obrigas por facturación de servizos da sociedade estatal "Correos y Telégrafos SA". Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de aprobación inicial de expediente de modificación da base número 32.1 de execución do orzamento municipal para o exercicio 2016. Apróbase a proposta.

10.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á aprobación de convenios con diversas asociacións e entidades de carácter social. Apróbanse os convenios de colaboración coas seguintes entidades:

_Asamblea de Cooperación pola Paz: 10.000 euros

_Cáritas Interparroquial Santiago: 100.000 euros

_Cruz Vermella: 75.000 euros

_Asociación de Dano Cerebral Sarela: 2.000 euros

_Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con enfermidade mental de Galicia, FEAFES: 60.000 euros

_Asociación de Persoas Xordas de Galicia: 10.000 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á xustificación de axuda no marco do Programa "Santiago Suma" de Inclusión Social. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao reintegro á Administración Xeral do Estado de parte da subvención para o proxecto "Acondicionamento e valorización do Castelo A Rocha Forte": Acórdase abonar á administración xeral do Estado o reintegro, por unha contía total de 100.083,24 euros, sen prexuízo de interpoñer os recursos que se consideren oportunos. O Concello xa ten interposto un recurso de reposición, pendente de decisión, contra a resolución do secretario de Estado de Cultura do 4 de abril de 2016, pola que se lle requería ao Concello o reintegro de 100.083,24 euros por xustificación insuficiente da subvención de 1.000.000 de euros outorgada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o proxecto de acondicionamento do Castelo da Rocha Forte.

2.-Modificación do acordo plenario de 21 de xaneiro de 2016 polo que se aprobaba a incorporación de Santiago como cidade seguidora ao proxecto Smarter Together. Apróbase a proposta.